

13ª ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE COOPERACIÓN EXTERIOR ÉGUEIRE

O día 2 de maio do ano 2021, ás 17'00 horas en segunda convocatoria, no salón multiusos da parroquia de San Xoán Bautista de Mazaricos, dáse inicio á 13ª Asemblea Xeral Ordinaria na que se atopan os socios que figuran a continuación:

- Manuela González Maceiras. Vicepresidenta.
- Juan Jesús de Rojas Silva. Tesoureiro.
- Xosé Manuel Pensado Figueiras. Secretario.
- Natalia Álvarez Fernández de Arroyabe. Técnica de proxectos.
- Lurdes Pardo Fernández. Vogal.
- Soledad Perol Riveiro.
- Consuelo Jurjo Rodríguez

Escusa a súa presenza Désiré Kouakou Tanoh, presidente da asociación por unha cuestión parroquial ineludible.

Iníciase a asemblea coa seguinte orde do día:

- Lectura da acta da asemblea do ano anterior e a aprobación, se procede, da mesma.
- Presentación e aprobación, si procede, dos novos socios.
- Exposición do realizado no ano 2020.
- Rendición de contas.
- Presupostos 2021.
- Propostas de proxectos para o ano en curso.
- Rogos e preguntas.

1 LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA 12ª ASEMBLEA DO 16/02/2020

Lese a acta e apróbase por unanimidade.

2 APROBACIÓN DE NOVOS SOCIOS

Izaskum Gutiérrez Vázquez, Mª Josefa Negreira Carril e Xaquín Rguez Pomares.

Acéptase unanimemente a súa incorporación.

Temos como baixas: Jaime Periscal Pereira, Luisa López Gutiérrez e Pilar Romero Canosa.

3 PROXECTOS REALIZADOS Ó LONGO DO ANO

Como quedaramos na reunión anual do pasado ano, este ano, centrouse a actividade no proxecto de N'Zida de agricultura e gandería. Mellorouse a produtividade coa instalación dun novo depósito de auga e cambiouse o xerador de extracción da mesma do pozo. Proxecto este presentado e

subvencionado pola Deputación da Coruña.

Asemade da plantación que xa estaba en marcha, construíuse a granxa de porcos que xa esta a desenvolver en pleno funcionamento. Inicialmente para cría e venda dos porcos intentando ir acadando autonomía económica no funcionamento. Están os encargados pensando, nun futuro próximo, comercializar carne con trazabilidade mesmo chegando a conseguir a denominación de orixe.

Os demais proxectos xa coñecidos – maternidade, cooperativas de mulleres, casa de acollida da asociación “Amis du sourire”, para nenos dos que as nais morreron no parto- seguiron recibindo o apoio de Égueire e funcionan con normalidade.

Realizouse vía web unha “Gala solidaria” para recadar fondos coa colaboración de diferentes artistas de Galicia para suplir as actividades presenciais non realizadas por causa da situación pandémica que estamos a vivir.

4 INFORMACIÓN ECONÓMICA

O tesoureiro pasa a detallar as contas do exercicio 2020

SALDO A 31/12/2019	83'28€
SALDO A 31/12/2020	2759'55€

INGRESOS 2020

CUOTAS DE SOCIOS Y COLABORADORES	17195'00€
DONATIVOS	7371'09€
FESTA AFRICANA XULIO	-----
CEA SOLIDARIA DECEMBRO 2020	-----
SUBVENCIONES DIPUTACION	21981'83€
LOTERIA	3500'00€
TOTAL	61.047'92€

GASTOS 2020

PROXECTOS

GRANXA PORCOS	13.000'00€
XENERADOR	870'00€
INVESTIMENTOS NA NAVE	2.000'00€
DEPÓSITO DE AUGA E MRLLORA REGO	
E PRODUTIVIDADE	28.493'87€
CENTRO ACOLLIDA AMIS DU SOURIRE	1.000'00€
TOTAL PROXECTOS	45.363'87€
NÓMINAS TRABALLADORES	10.822'00€
GASTOS BANCARIOS (comisións, transferencias,	
Anticipo subvención)	965'41€
XESTORIA	436'00€

TOTAL GASTOS	58.371'65€
---------------------	-------------------

Advirte o tesoureiro que se incorporarán aquí as contas oficiais elaboradas pola xestoría.

PREVISION 2021

INGRESOS.

COTAS	17.000'00€
DONATIVOS	7.000'00€
FESTA AFRICANA	
CEA BENEFICA	
LOTERIA	3.500'00€
SUBVENCIONES	34.000'00€
OUTROS EVENTOS	3.000'00€

TOTAL PREVISIÓN INGRESOS 64.000'00€

GASTOS.

NOMINAS	11.000'00€
PROYECTO N'ZIDA (placas fotovoltaicas)	30.534'35€
MANTEMENTO PROXECTOS	20.000'00€

TOTAL PREVISIÓN CUSTOS 61.534'35€

5 PROXECTOS 2021

Durante o carnaval organizouse o proxecto de sensibilización “O entroido é Égueire” co obxectivo de dar a coñecer a cultura marfileña e de recadar fondos para os proxectos.

Do mesmo xeito estase a realizar o proxecto “De muller a muller” co obxectivo de visibilizar o traballo das mulleres en Costa de Marfil unido ó día da nai aquí entre nós. Unha cooperativa de artesás marfileña enviounos máscaras e animais realizados en óso, bronce e madeira cos que se fixeron colares. Os donativos recadados con esta iniciativa irá destinado a reforzar as cooperativas da “Plataforma Égueire de Cooperativas” en Costa de Marfil.

Elaborouse o proxecto: Fortalecemento do Centro agroalimentario de N'Zida mediante a implementación de enerxía renovable e mellora da eficiencia enerxética da plantación” e foi presentado á Deputación da Coruña. Preténdese instalar unhas placas fotovoltaicas para lograr esa mellora enerxética reducindo a dependencia de combustibles fósiles no conxunto deste proxecto. En reunión da directiva do 28 de febreiro nomeouse a Natalia Arroyabe como representante da asociación ante a Deputación Provincial. Estamos agardando a resolución.

Outro obxectivo e seguir fortalecendo a relación coa contraparte en Costa de Marfil. Cabe subliñar que tanto a contraparte coma os demais colaboradores da asociación están a traballar con moita entrega e dedicación.

6 ROGOS E PREGUNTAS

Por unha banda, Natalia, secundada pola maioría dos presentes, incide na necesidade de redoblar os esforzos en sermos máis organizados á hora de elaborar os proxectos: poñelos por escrito definindo obxectivos e medios, designar persoa encargada de dirixir o proxecto e, finalmente, evaluar resultados.

Por outra banda Soledad Perol ofrécese a consultar cun grupo musical a posibilidade de organizar unha gala benéfica para finais do outono. De teren posibilidade pasaríamos á coordinación.

Unha última cuestión sobre a que se falou foi a de si se prevé facer envío do material recadado a Costa de Marfil neste ano. O tesoureiro comentou a necesidade de perfilar varias cuestións aínda pendentes para poder facelo dentro deste ano.

Sen máis asuntos que tratar demos por finalizada a asemblea ás 18'30 horas.

Mazaricos 2 de maio do 2021

Désiré Kouakou Tanoh
Presidente

Manuela Glez Maceiras
Vicepresidenta

Juan Jesús De RojasSilva
Tesoureiro

Xosé Manuel Pensado Figueiras
Secretario